

Pegadas...

Sinal que deixa no chan un pé ao pisar...

1. Título do proxecto

Pegadas...

2. Contextualización e xustificación do proxecto

Dentro do proceso de transformación no que se atopa o CEIP Viñagrande-Deiro, na procura dun modelo educativo de centro que sexa quen de darlles resposta ás demandas da sociedade e ás características das xeracións máis novas, atopámonos co CEE de Vilagarcía de Arousa: xuntos da man, percorrерemos un camiño onde ambos os centros colaborarán nun proxecto de enriquecemento persoal e mutuo, moi difícil de atopar noutros contextos.

Consideramos prioritario poñer en funcionamento novas estruturas organizativas, novos modelos pedagóxicos e propostas didácticas nas nosas aulas e nos nosos centros que ofrezan a posibilidade de mellorar os procesos de ensino e aprendizaxe.

As sociedades evolucionan rapidamente mentres que os centros educativos amósanse moi remisos a acompañar de preto esta transformación. Parecen estar ancorados no século XX no referido ás súas estruturas organizativas, didácticas e metodolóxicas, sen atender a moitos factores que interveñen directamente nos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado.

Partindo desta premisa, da necesidade de cambio, de novos modelos pedagóxicos e propostas didácticas, nace Pegadas..., coa finalidade de amosar o galego como unha lingua de actualidade, moderna, e mesmo tecnolóxica.

Querémoslles amosar todo isto ás diferentes xeracións, pero especialmente ás máis novas, e facelas conscientes da importancia que teñen estas xeracións na conservación do noso idioma.

O galego terase que converter no idioma vehicular dentro e fóra da escola, onde se amplíe o seu uso habitual a situacións de interacción dominadas na actualidade polo castelán. Consideramos que a nosa lingua está a padecer unha deterioración que vai camiño de facer que o galego

sexa unha lingua esquecida, e isto non é unha suposición, senón que diferentes datos así o amosan.


Por outra banda, e como parte tamén desa necesidade de cambio da que falabamos, non podemos esquecer as persoas con diversidade funcional, para as cales moita da información que se ofrece lles resulta inaccesible.

Que imos facer?

Converter o alumnado de ambos os centros en guía (persoa que guía ou orienta outras nun camiño) de camiños virtuais, vieiros que outras persoas seguirán, e deixarán tamén pegadas ao seu paso. O alumnado será guía de diferentes localizacións de interese da nosa contorna. A información que se transmite ao exterior será en galego: deste xeito queremos garantir que o alumnado recoñeza o valor da nosa lingua e como esta ten un uso actual, moderno e tecnolóxico.

Tamén achegaremos a información en Linguaxe de Signos; así daremos un paso máis cara á accesibilidade e á integración e normalización das persoas con diversidade funcional.

Comezamos realizando unha guía da Casa Museo Valle-Inclán en realidade virtual coa utilización de fotografías 360° e realidade aumentada.



<https://www.thinglink.com/video/1018249040455794690>

Esta primeira iniciativa terá sucesivas localizacións noutros puntos de interese da nosa contorna: a Illa de

Arousa, a zona vella de Cambados, as adegas de viño, Vilagarcía de Arousa...

Os diferentes medios que se utilizan para a realización destes produtos son do máis actual, e a posibilidade de que sexa empregado polo alumnado ten un compoñente motivacional que é de destacar.

Todas as actividades que se propoñen neste proxecto teñen un para que en si mesmas: unhas veces é gozar ao realizalas e outras é a saída que teñen ao exterior. Á vez que lles dan sentido e funcionalidade ás actividades, fan que medre o interese e a motivación.

Estamos asegurando unha plena inmersión en galego na realización de actividades, na planificación para darlles saída e na mesma saída, e todo isto cunha motivación extra pola utilización de dispositivos móbiles, cámaras 360°...

A utilización dos dispositivos móbiles vainos facilitar a posibilidade de utilizar diferentes apps relacionadas coa gravación, edición... Deste xeito, tamén lle estamos garantindo unha educación dixital, non soamente ao alumnado senón tamén á comunidade educativa que participa e á coñecedora deste proxecto.

2.1 Identificación da situación sociolingüística dos centros

A situación na nosa contorna é bastante pobre e mesmo de tristeza cando comprobamos como a lingua galega está desaparecendo das zonas rurais e das nosas vilas, como estas nas que nos atopamos. Esta desaparición é moi salientable nestes últimos anos e increméntase dun xeito vertixinoso. Da análise da situación sociolingüística dos centros pódese inferir que o uso da nosa lingua é minoritario nas xeracións máis novas, o que vai determinar a situación do galego no futuro, polo menos na nosa contorna. Pasamos, nunha xeración, de ser a lingua de uso habitual da poboación máis nova a ser, na actualidade, unha lingua minoritaria nesta franxa de idade.

3. Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos

- Fomentar o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, na realización das tarefas e na saída destas ao exterior.
- Garantir a presenza do galego coas novas tecnoloxías.
- Propiciar a aprendizaxe e gozo coa realización de actividades con estes medios tecnolóxicos, empregando como lingua vehicular o idioma galego.
- Facer accesible a nosa cultura e contorna ás persoas con diversidade funcional.

4. Organización, desenvolvemento e metodoloxía

O alumnado, mesturado en idades distintas, desenvolve a súa aprendizaxe atendendo á estratexia metodolóxica, organizativa e didáctica centrada na aprendizaxe baseada en servizos (ABS): A ABS facilita enormemente a consecución dos obxectivos que marcamos co noso alumnado: é motivadora, integradora, axuda a socializar, é significativa, parte dos intereses do alumnado e posibilita un ensino globalizado dos contidos escolares e unha aprendizaxe integral.

4.1 Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación previstas

Todo o alumnado contará cun espazo nos centros para realizar este proxecto, no que colocaremos os recursos necesarios para o desenvolver. Este espazo non ten un grupo asignado e pode ser utilizado polos distintos grupos en función da súa dispoñibilidade de tempo e mesmo pode ser empregado por diferentes grupos nun mesmo momento; contará sempre coa presenza dun mestre para garantir unha boa utilización del e, deste xeito, o éxito dos traballos.

Neste lugar haberá unha tea para a gravación en croma, dispositivos móbiles, micrófonos de ambiente, luces de estudio e un ordenador cun programa de edición.

Á realización das diferentes actividades temos que engadirlle a de todas aquelas que se desenvolven con anterioridade nas aulas e que son o xerme do produto final.

4.2 Título e descrición

- Achega de información
- Selección da información
- Fotógrafo
- Realización dun guión para a gravación
- Comunicador
- Cámara
- Editor

4.3 Obxectivos e proposta metodolóxica

A determinación da lingua predominante no contorno ten unha grande importancia pois vainos situar en contornos galegofalantes ou castelanfalantes, e entón os obxectivos que cómpre acadar serán distintos.

A nosa realidade localízase nun contorno castelanfalante, onde destaca unha maioría de alumnos que chega ao noso centro dunha realidade cotiá galegofalante (avós e pais galegofalantes) pero que se inicia na fala a través da lingua castelá.

Así, en función da realidade lingüística do noso centro, iniciamos un camiño, e neste camiño atopámonos con Pegadas..., que terá como grandes finalidades:

- Lograr a competencia e o uso do galego como primeira lingua.
- Amosar as grandes potencialidades da nosa contorna a través de guías de camiños virtuais.
- Colaborar entre centros e enriquecerse dunha experiencia marabillosa chea de valores humanos.
- Poñer en valor a lingua galega e implicar todos os axentes escolares neste proceso.
- Darlle a coñecer a toda a comunidade educativa a importancia de contribuír ao incremento do uso do galego mediante o uso do noso idioma.
- Darlle ao noso alumnado a posibilidade de percibir as innumerables utilidades que ten o noso idioma.
- Mellorar a valoración da nosa lingua.
- Avanzar cara á integración e normalización das persoas con diversidade funcional.

Así, a partir destas finalidades establecemos os seguintes obxectivos:

A longo prazo

- Lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria dos centros, por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas como fóra delas.
- Iniciar un camiño de cooperación e participación ante un proxecto común referido á nosa lingua.
- Sensibilizar e promover actitudes positivas cara ás persoas con diversidade funcional.

A medio prazo

- Lograr unha actitude positiva da comunidade educativa en favor da normalización.
- Aumentar progresivamente os espazos e tempos nos que se desenvolve o alumnado en lingua galega.

A curto prazo

- Comprometer na tarefa normalizadora o maior número posible de membros da comunidade educativa.
- Concienciar os sectores máis próximos ou afíns á nosa realidade para lograr un cambio progresivo da súa actitude lingüística.
- Promover o uso do noso idioma nas actividades que se desenvolvan dende os centros.
- Dar os pasos necesarios para a definición da liña lingüística do centro, planificando o emprego do galego como lingua vehicular do ensino a partir do coñecemento detallado e realista da situación.
- Diseñar e coordinar un proxecto de sensibilización e actividades a prol da normalización lingüística dirixidas á comunidade educativa no seu conxunto.
- Concienciar a comunidade educativa de que o galego é unha lingua que pode servir perfectamente para desenvolverse en todos os campos.
- Amosarlle ao alumnado que a aprendizaxe e utilización da nosa lingua ten interese e utilidade social.
- Conseguir que o alumnado tome conciencia de que o futuro da lingua non vai ser indiferente á nosa actuación social concreta e de que a nosa

participación e uso individual van ser elementos positivos na recuperación de usos.

- Potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara ao noso idioma.
- Proporcionar información que sexa accesible para as persoas con diversidade funcional.

4.4 Xestión e temporalización

Este proxecto está sendo realizado o curso 2017-2018, coa posibilidade de darlle continuidade no tempo. Contemplamos reunións quincenais para compartir información do proxecto e de todos os cambios, melloras... que vaian xurdindo nos os dous centros.

Dende o CEIP Viñagrande-Deiro e o CEE de Vilagarcía de Arousa, estamos convencidos dos beneficios para o alumnado da creación deste espazo de colaboración entre centros e de darlle continuidade a este proxecto e a futuras iniciativas en común.

5. Implicación do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa

A maioría do profesorado dos centros participa neste proxecto, tanto de educación infantil, como de primaria e especialistas.

A súa función será de apoio na realización do proxecto e este contará cun coordinador que xestionará e coordinará a saída dos produtos finais.

O rol do profesorado verase modificado e pasará a ser de guía e axudante e non protagonista. O alumnado, pola contra, será o verdadeiro protagonista nas tarefas que se realizan e na súa aprendizaxe, na medida das súas posibilidades.

5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

O profesorado implicarase no proxecto atendendo o alumnado que acuda a este espazo a gravar os seus traballos. Para

acadar os obxectivos formarase na utilización de dispositivos móbiles, de *apps*, programas de maquetaxe, montaxe..., unha formación que nos fai mellorar no noso traballo diario e que lle transmitiremos ao noso alumnado, xa que pretendemos que, na medida do posible, este sexa autónomo.

5.2 Recursos materiais que se van mobilizar

Para o desenvolvemento do proxecto utilizaremos teas para croma, cámara de 360°, ordenadores, dispositivos móbiles e as diferentes *apps* que nos possibiliten realizar vídeos, fotografías, maquetar, editar,...

Deste material xa dispoñemos nos colexios, aínda que algún é particular. No entanto, necesitaríamos adquirir o que aínda non temos e mellorar aquel que quedou máis obsoleto.

6. Colaboracións institucionais

Na medida do posible, a nosa intención é colaborar con aquelas institucións que desexen dar a coñecer os diferentes lugares de interese da contorna. Concellos, adegas ou mesmo asociacións ou institucións relacionadas co turismo poderían estar interesadas en colaborar neste proxecto.

7. Medidas de difusión do proxecto

O proxecto está pensado para ser difundido ao mesmo tempo que se vai realizando; os medios de comunicación son o mellor medio para darlle visibilidade. Dentro destes medios van xogar un papel principal as redes sociais como a mellor maneira de difusión, pola súa rapidez e maior alcance de difusión. En concreto, o CEIP Viñagrande-Deiro posúe redes sociais como Redeiras, e o alumnado dálles saída aos seus traballos en *Facebook*, *Twitter* e *Instagram*, e o CEE Vilagarcía de Arousa faíno mediante *Instagram* e o seu blog.

A inclusión das iniciativas nas páxinas web dos colexios completará a súa difusión, pois nelas recolleranse todas as achegas.

7.1 Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa

O alumnado e a comunidade educativa non só serán protagonistas na realización do proxecto senón tamén na súa difusión posterior.

A implicación de ambos no proxecto garante unha maior difusión deste, tanto a difusión na contorna máis próxima como no exterior polas diferentes redes sociais.

Esta difusión fará que o número de persoas e institucións da contorna queira participar no proxecto sexa maior.

8. Orzamento

Para levar a cabo este proxecto e garantir o seu éxito vémonos obrigados a mellorar os recursos que posúen os colexios. Polo traballo que levamos realizado nestes últimos anos, sabemos que necesitamos contar con material que reúna unhas características específicas.

8.1 Xustificación e desagregación

Ante as carencias de material específico e actual, priorizamos aquel ao que lle poidamos sacar o máximo partido, de modo que o material que demandamos neste orzamento é o seguinte:

Ordenador con software específico: 1.279 euros

Ipad (2 unidades): 798 euros

Total do investimento: 2.077 euros

9. Plan de avaliación.

Para a avaliación do impacto do proxecto pensamos realizar unha enquisa que incida naquelas cuestións relacionadas cos cambios e na percepción que se ten da nosa lingua.

Esta avaliación non quedará soamente nesta enquisa; avaliaremos actividades, participación... Utilizaremos rúbricas para algúns aspectos e rexistros para outros.

Faremos fincapé en indicadores que reflectan o aumento na utilización do galego entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa, así como na valoración que se ten do galego na sociedade, entre outros aspectos.

Queremos garantir que a información que recollamos nos sirva para mellorar o proxecto e garantir o seu éxito, un éxito que vai parello a unha valoración máis positiva do galego e un incremento do seu uso.

9.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Criterios	Indicadores
Cambio no uso da lingua habitual en favor do galego	Aumenta a utilización do galego en intercambios comunicativos
Valoración positiva do galego	Mellora das actitudes no uso do galego
Integración do galego na comunidade educativa	Inclusión do galego nas actividades realizadas pola comunidade educativa
Cambio na percepción que se ten do galego	Maior número de opinións a favor do galego
...	...

9.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Na realización do proxecto xoga un papel moi importante a comunidade educativa: institucións públicas e privadas... Este proxecto é un servizo á comunidade, que se ofrece dende dous centros educativos e se basea na difusión de lugares de interese.

O alumnado e a comunidade educativa van mellorar a súa competencia lingüística en galego e dende os colexios váiselle prestar un servizo á comunidade, de publicidade e tamén de potenciación do uso do galego.

10. Profesorado participante. Funcións e tarefas do profesorado implicado

O profesorado implicarase neste espazo atendendo o alumnado que acuda á realización da guía de camiños virtuais.

A función do profesorado será a de apoio ao alumnado que acuda ao espazo, e as tarefas que este organice dende as aulas ou mesmo neste espazo serán o xerme dos produtos finais das diferentes guías que se realizarán e que se exportarán ao exterior.

O profesorado ensinaralle a utilización de certas *apps* ou programas informáticos pero será o alumnado quen autonomamente, e na medida do posible, realice os produtos.

11. Alumnado participante

Participa neste proxecto o alumnado dos centros, dende infantil ata primaria.

Atopámonos con alumnos que farán de redactores, cámaras, editores, fotógrafos...

No referente ao CEE Vilagarcía de Arousa, o alumnado participante neste proxecto pertence á etapa de transición á vida adulta.

Todos teñen linguaxe funcional pero tamén son coñecedores da lingua de signos para poderen comunicarse con aqueles compañeiros e compañeiras que, polas súas características persoais, non teñen adquirida a linguaxe ou non presentan unha linguaxe funcional, co cal empregan a lingua de signos como sistema alternativo e/ou aumentativo de comunicación. Aproveítase así para desbotar esa idea errónea de que a linguaxe de signos é exclusivamente para aquelas persoas que presentan discapacidade auditiva.

Pegadas...

CEIP Viñagrande-Deiro CEE Vilagarcía de Arousa